| 2025/CCP_01/001155 | Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde | G27329226 | Adquisición de equipamento para o control de capacidade de carga de rutas de sendeirismo no concello de Castroverde (adquisición e instalación contadores, panel divulgativo) | 2.573,55 € |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIÓN DESTINADA A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA**




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 28/55 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

**TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025:

1. Este procedemento de concorrencia competitiva tramítase de acordo co establecido nas bases reitoras da referida convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de abril de 2025.

2. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 1 de agosto de 2025, acordou aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións da referida convocatoria, así como a desestimación provisional das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes. Esta resolución foi publicada no BOP de Lugo nº 180 do7 de agosto de 2025 e na páxina web da Deputación provincial, non presentándose ningunha alegación no prazo concedido.

Polo tanto, de acordo co punto 10 Concesión e Comunicación das bases da convocatoria, o acordo de concesión provisional ten carácter definitivo e procedeuse á publicación do anuncio da resolución definitiva no BOP de Lugo nº 210 do día 12 de setembro de 2025 e na web da Deputación Provincial (https://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subv_activ_RRBB2025 ).

3. O beneficiario relacionado a continuación, presentou na Deputación Provincial de Lugo a súa renuncia á subvención que lle foi concedida na referida convocatoria:

Liña 10.2 Reserva da Biosfera Terras do Miño

| Nº Expediente | Entidade | NIF | ACTIVIDADE | Subvención Concedida |
|---|---|---|---|---|
| 2025/CCP_01/001020 | Asociación de Veciños San Martiño de Río | G27513563 | Poñer en valor o roteiro "Camiño Real" no concello de Láncara realizando dúas etapas (incluíndo desprazamentos, comidas, visita interese natural e cultural) | 2.565,00 € |

4. O Servizo de Medio Ambiente emitiu o día 15 de abril de 2026 un informe ao respecto (CSV IV7RYX36HVPK6SFM47YREILEO4).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 29/55 |

Por todo o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

Liña 10.2 Reserva da Biosfera Terras do Miño

| N º Expediente | Entidade | NIF | Actividade | Subvención Concedida |
|---|---|---|---|---|
| 2025/CCP_01/001020 | Asociación de Veciños San Martiño de Río | G27513563 | Poñer en valor o roteiro "Camiño Real" no concello de Láncara realizando dúas etapas (incluíndo desprazamentos, comidas, visita interese natural e cultural) | 2.565,00 € |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIÓN DESTINADA A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor.

"En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 18 de xullo de 2025, pola que se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 055, do sábado 08 de marzo de 2025, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025.

Á vista de que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a renuncia á respectiva subvención concedida no referido concurso de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que consta no respectivo expediente a respectiva solicitude de renuncia:

| Nº Rex | Nome Entidade | C.I.F. | Nome Actividade | Subvención |
|---|---|---|---|---|
| 2025/CCP_01/000355 | Atlético Terra Cha | G27509843 | Fútbol | 1.015,00 € |

Tendo en conta o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións publicas.

Polo exposto, o deputado que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 30/55 |

Aceptar de plano a renuncia formulada pola entidade beneficiaria Atlético Terra Cha relativa á subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, destinada a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS.**

***1º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da Convocatoria e das Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa "Marela", anualidade 2026.***

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"En relación coa Convocatoria e Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2026, dende á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe do seguinte teor:

"Antecedentes de feito

Primeiro.- Tal e como recoñece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

*"Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.*

*(...).*

*A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.*

*(...).*




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 31/55 |

*Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia. (...).*

*Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.*

*Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.*

*Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.*

En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Acordo da Xunta de Goberno do 23 de xaneiro de 2026, o Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 (PES).

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de:

- Fomento das producións de calidade, en especial as ligadas á orixe ou ao modo de produción.
- Promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas e gandeiros.
- Potenciación dos produtos autóctonos.

Segundo.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2026, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Terceiro.- Tendo en conta o anterior, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, mantense o programa de axudas que, dende o ano 2019, se dirixen aos




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 32/55 |

criadores da raza bovina pura Rubia Galega, que teñen por obxecto a cooperación desta Deputación na promoción e potenciación desta raza autóctona, incentivando a inscrición de femias reprodutoras no Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico, perseguindo a redución dos custos de produción e o incremento da competitividade das explotacións; para o cal se redactan as súas bases canalizadoras e se elaboran os anexos que constitúen os seus modelos normalizados de solicitude.

As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:

*"A raza Rubia Galega é unha raza bovina autóctona de Galicia, cuxo acervo xenético constitúe unha parte imprescindible dos recursos zooxenéticos autóctonos de Galicia e, en particular, da provincia de Lugo, que concentra a maior parte das explotacións e da cabana gandeira.*

*Os recursos xenéticos animais endóxenos caracterízanse pola súa perfecta adaptación ao medio ambiente e aos recursos naturais, polo que garanten a conservación dunha contorna medioambiental e o desenvolvemento dos ecosistemas naturais. Neste senso, a raza bovina Rubia Galega supón un recurso xenético de riqueza incalculable dende diversos punto de vista, tanto económicos como sociais e ambientais.*

*Sen embargo, analizando as derradeiras décadas do medio rural lucense, atopámonos con que o sector gandeiro provincial iniciou, durante os últimos anos, un proceso de diminución do número de explotacións e do censo de animais, en particular, da raza Rubia Galega.*

*A idade avanzada dos titulares das explotacións, a falta de relevo xeracional, o incremento dos custos de produción e a falta duns prezos dignos e estables do produto final durante todo o ano son os principais factores que dificultan a competitividade do sector gandeiro e, en particular, dos gandeiros dedicados á raza Rubia Galega, que, en moitas ocasións, se ven abocados a pechar as explotacións.*

*Este descenso de explotacións e animais desta raza bovina, maioritaria na provincia de Lugo, trae consigo importantes consecuencias ambientais e paisaxísticas, limitando a conservación dos ecosistemas naturais e provocando unha modificación da paisaxe rural histórica e, polo tanto, unha perda cultural ligada á desaparición do coñecemento sobre prácticas gandeiras tradicionais condicionadas polo medio natural específico e do material e recursos xenéticos dos animais autóctonos provinciais.*

*Cómpre ter en conta que a raza bovina Rubia Galega é o froito da selección, durante séculos, dos animais mellor adaptados aos recursos naturais da zona, así como aos sistemas de manexo e alimentación tradicionais. Existen evidencias da influencia de factores xenéticos sobre as características de rusticidade: resistencia ás oscilacións de temperatura, radiacións solares, esixencias de auga, enfermidades, etc.*





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 33/55 |

*Os factores naturais e humanos da zona xeográfica onde a raza está delimitada outorgan características morfolóxicas, funcionais e produtivas aos animais, que se transmiten hereditariamente e que son distintas ás outras poboacións, determinando a diferenciación do produto obtido. En condicións adversas, as razas autóctonas son capaces de obter unha maior produtividade que as razas exóticas e foráneas.*

*O mantemento desta riqueza gandeira é imprescindible para o desenvolvemento sustentable das áreas rurais, para a fixación de poboación no medio rural e para a conservación dos ecosistemas naturais.*

*En definitiva, unha xestión axeitada dos recursos xenéticos animais, en particular da raza Rubia Galega, supón a súa conservación para acadar o desenvolvemento sustentable do rural provincial, en especial, as zonas de montaña, e garante aos consumidores características diferenciais en canto á orixe, tradición e calidade do produto final, así como a seguridade alimentaria.*

*Polo exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, mantense o programa de axudas que, dende o ano 2019, se dirixen aos criadores da raza bovina pura Rubia Galega, que teñen por obxecto a cooperación desta Deputación na promoción e potenciación desta raza autóctona, incentivando a inscrición de femias reprodutoras no Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico, perseguindo a redución dos custos de produción e o incremento da competitividade das explotacións."*

Fundamentos de Dereito

I. Normativa aplicable

Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da súa Ordenanza Xeral de Subvencións, por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS).
- A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024- (OXS).
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- A normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, art. 87 a 89)
- Real Decreto 1755/1987, do 26 de decembro, e disposicións concordantes.
- As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 34/55 |

- O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (RODPL).
- As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

II. Procedemento de concesión

Ao abeiro dos artigos 19.2 e 22 da LS, sendo que a concesión das subvencións realizarase en función da orde de presentación das solicitudes e atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, o procedemento de concesión das subvencións que aquí se informa tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva.

III. Convocatoria das subvencións

A convocatoria que aquí se informa cumpre coas esixencias establecidas nos artigos 20 e seguintes da LSG, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases canalizadoras das subvencións.

IV. Requisitos para o outorgamento das subvencións

Adicionalmente, o dito procedemento de concesión das subvencións cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG.

Neste senso, a Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2026 establece que *"o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente."*

No expediente consta certificación, emitida dende o Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente, na correspondente aplicación orzamentaria, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.

En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.

V. Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións

En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexitima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1.a) da LRBRL.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 35/55 |

Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, as letras a) e c) do artigo 2.1 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, lexitiman á Deputación de Lugo para proceder á convocatoria obxecto deste informe.

VI. Órgano competente para a aprobación da convocatoria e das Bases canalizadoras das subvencións

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, o *"órgano competente para aprobar as bases de convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente."*

VII. Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa

A Base 5 das canalizadoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.

No que á xustificación das súas contías se refire, cómpre ter en conta que este será o sétimo ano no que esta entidade vai poñer en marcha este Programa.

Analizando os resultados de anteriores anualidades, pódese concluír que, se ben na primeira anualidade os animais elixibles foron 525, recibindo os seus propietarios, por cada un deles, 380,95 €, o éxito do Programa fixo que o número de animais elixibles fora subindo ano a ano, ata chegar, na anualidade 2023, aos 1.065 e recibindo os seus propietarios, polo tanto, tan só 187,62 €.

É dicir, en unión con outros factores, o Programa cumpriu un dos seus obxectivos: aumentar o número de femias reprodutoras da raza bovina Rubia Galega. Porén, isto levou aparellado que, ao dispoñer do mesmo orzamento, os importes das axudas foran diminuíndo ano a ano.

Por elo, e tendo en conta que os custos de produción aumentaron sensiblemente en tódolos sectores nos últimos anos, dende a Área de Medio Rural e do Mar, estimamos que cómpre, tan sequera, recuperar o valor das axudas outorgadas na primeira edición do Programa. Razón pola que, dende a anualidade 2024, establécese un importe único das axudas de 400 € por animal elixible, ata esgotar o orzamento dispoñible, 200.000 €.

Polo exposto, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acorde pola Xunta de Goberno:

1º.- A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 36/55 |

Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2025, dotado con 250.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2026.

2º.- A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude.

3º.- A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo."

4º.- A aprobación do gasto, por importe de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026."

No expediente consta certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por contía de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral, emitida dende o Servizo de Contabilidade e Contas.

Consta, ademais, informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, sobre as Bases que rexerán a citada convocatoria e os modelos de solicitude das subvencións.

Á vista das actuacións precedentes, o Servizo de Fiscalización informou favorablemente o expediente o 26 de abril de 2026.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2026, dotado con 200.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2026.

**2º.-** Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude.

**3º.-** A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo."

**4º.-** A aprobación do gasto, por importe de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 37/55 |

***2º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da Convocatoria e das Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovina, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa "Morenas", anualidade 2026.***

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"En relación coa Convocatoria e Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2025, dende á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe do seguinte teor:

"Antecedentes de feito

Primeiro.- Tal e como recoñece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

*"Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.*

*(...).*

*A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.*

*(...).*

*Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia. (...).*

*Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.*

*Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 38/55 |

*Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.*

En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Acordo da Xunta de Goberno do 23 de xaneiro de 2026, o Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 (PES).

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de:

- Fomento das producións de calidade, en especial as ligadas á orixe ou ao modo de produción.
- Promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas e gandeiros.
- Potenciación dos produtos autóctonos.

Segundo.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2026, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Terceiro.- Tendo en conta o anterior, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, iníciase un novo programa de axudas dirixidas aos criadores das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, que teñen por obxecto a cooperación da Deputación Provincial de Lugo na súa protección, incentivando a súa cría en pureza, os nacementos e a redución da consanguinidade; para o cal se redactan as súas bases canalizadoras e se elaboran os anexos que constitúen os seus modelos normalizados de solicitude.

As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:

*"As razas autóctonas bovinas (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa), xunto coas razas Ovella Galega e Cabra Galega, representan un patrimonio zoo-xenético de enorme valor, adaptado, ao longo dos séculos, ás nosas condicións agro-climáticas.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 39/55 |

*A súa singularidade, vinculación co territorio, calidade intrínseca dos seus produtos e a súa capacidade para aproveitar os recursos naturais, aportan elementos fundamentais para un modelo de gandería multi-funcional, sustentable e de futuro.*

*Estas razas, promovidas e protexidas polas asociacións de criadores que xestionan os seus Libros Xenealóxicos, integradas na Federación de razas autóctonas de Galicia (BOAGA), adoitan destacar pola súa rusticidade, docilidade e aptitude para o manexo en réxime extensivo. Gracias a estas características conseguen adaptarse sen dificultade a contornas máis esixentes, dende o punto de visto produtivo, contribuíndo, así, á prevención de incendios forestais, á conservación da paisaxe e ao mantemento do tecido socio-económico das zonas rurais. Deste xeito, a presenza de aquelas contribúe a frear a grave crise demográfica que afecta a grandes áreas da Galicia interior.*

*A calidade organoléptica dos produtos derivados destas razas, reforzada pola certificación oficial 100 % Raza Autóctona, está a gañar renome na restauración e hostalería, o que contribúe á dinamización económica do rural galego.*

*Con todo, estas razas autóctonas non deixan de atoparse ameazadas: a súa baixa poboación, xunto coa dispersión xeográfica das explotacións, fan que resulte difícil manter a diversidade xenética e reducir a consanguinidade. Para poder garantir a continuidade xenética, cómpre levar a cabo un seguimento reprodutivo rigoroso, o que supón investimentos en tempo, recursos e coñecemento técnico especializado.*

*Por outra banda, a localización das ganderías, en zonas de difícil acceso, as condicións orográficas e climáticas e os elevados custos de manexo, fan que os seus criadores teñan que destinar máis medios para cumprir cos requisitos dos plans de recría e garantir o benestar dos animais. Tamén cómpre ter en conta o impacto que exercen os ataques da fauna salvaxe, coma o lobo e o xabaril, sobre os rabaños.*

*Neste escenario, a actuación das Administracións Públicas ten que pasar por unha estratexia clara de apoio. E este apoio non pode quedar reducido a actuacións puntuais, senón que require do fomento continuo da cría en pureza, con axudas adaptadas á realidade das nosas razas autóctonas.*

*E elo porque investir na protección deste legado único permite conservar un recurso imprescindible para o desenvolvemento sustentable, a fixación real de poboación e a conservación dos ecosistemas naturais da Provincia.*

*A presente liña de subvencións ten, polo tanto, unha finalidade de interese público específica, orientada á protección e mantemento de recursos xenéticos singulares, cualificados como patrimonio zoo-xenético de carácter estratéxico.*

*Neste sentido, a eficacia da actuación pública debe valorarse en termos de conservación da variabilidade xenética, continuidade das liñas en pureza e correcta xestión dos Libros Xenealóxicos, elementos que constitúen o núcleo esencial da finalidade*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 40/55 |

*perseguida e que transcenden a lóxica produtiva convencional, ao situarse no ámbito da protección da bio-diversidade e dos recursos xenéticos de interese xeral.*

*En consecuencia, e atendendo á natureza singular destas razas como patrimonio colectivo diferenciado, xustifícase a adopción dun réxime específico de apoio no que prima a conservación efectiva do recurso xenético sobre outros condicionantes alleos a esta finalidade.*

*Polo exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, da Deputación Provincial de Lugo, iníciase un novo programa de axudas dirixidas aos criadores das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas), en risco de erosión xenética, que teñen por obxecto a cooperación desta entidade na súa protección, incentivando a cría en pureza, os nacementos e a redución da consanguinidade."*

Fundamentos de Dereito

I. Normativa aplicable

Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da súa Ordenanza Xeral de Subvencións, por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (RLXS).
- A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024- (OXS).
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- A normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, art. 87 a 89)
- Real Decreto 1755/1987, do 26 de decembro, e disposicións concordantes.
- As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (RODPL).
- As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

II. Procedemento de concesión

Ao abeiro dos artigos 19.2 e 22 da LS, sendo que a concesión das subvencións realizarase en función da orde de presentación das solicitudes e atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, o procedemento de concesión




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 41/55 |

das subvencións que aquí se informa tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva.

III. Convocatoria das subvencións

A convocatoria que aquí se informa cumpre coas esixencias establecidas nos artigos 20 e seguintes da LSG, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases canalizadoras das subvencións.

IV. Requisitos para o outorgamento das subvencións

Adicionalmente, o dito procedemento de concesión das subvencións cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG.

Neste senso, a Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2026 establece que *"o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente."*

No expediente consta certificación, emitida dende o Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente, na correspondente aplicación orzamentaria, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.

En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.

V. Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións

En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexitima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1.a) da LRBRL.

Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, as letras a) e c) do artigo 2.1 da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, lexitiman á Deputación de Lugo para proceder á convocatoria obxecto deste informe.

VI. Órgano competente para a aprobación da convocatoria e das Bases canalizadoras das subvencións

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, o *"órgano competente para aprobar as bases de*




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 42/55 |

*convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.”*

VII. Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa

A Base 5 das canalizadoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.

No que á xustificación das súas contías se refire, cómpre ter en conta que, segundo estudios realizados polos técnicos da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade (contrastados con multitude de gandeiros cos co se mantén contacto), os custos derivados do mantemento dos animais nas explotacións durante unha anualidade son: 2.220 €, para os da especie bovina; 370 €, para os da especie ovina; e 390 €, para os da especie caprina.

Analizando os resultados do Programa “Marela”, despois de seis anos en funcionamento, estímase que o importe das axudas outorgadas no seu seo, que se sitúan en torno ao 18% do custo do mantemento de cada animal na explotación durante un ano, é o máis axeitado, tanto para o cumprimento da finalidade das subvencións, como para garantir un satisfactorio reparto, entre os gandeiros da Provincia, do orzamento dispoñible.

É por elo que a contía das axudas das subvencións, no marco do Programa “Morenas”, establécese utilizando a dita porcentaxe do 18% sobre os custos xerados aos gandeiros polo mantemento de cada animal na explotación durante o período subvencionable (anualidade 2025).

En consecuencia, a contía das axudas para as razas bovinas queda establecido en 400 € por animal elixible. No caso das especies ovina e caprina, a dita contía establécese en 70 €.

Polo exposto, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acorde pola Xunta de Goberno:

1º.- A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovina, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2026, dotado con 200.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2026.

2º.- A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 43/55 |

3º.- A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo."

4º.- A aprobación do gasto, por importe de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026."

No expediente consta certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por contía de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral, emitida pola Sección I de Orzamentos do Servizo de Contabilidade e Contas.

Consta, ademais, informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, sobre as Bases que rexerán a citada convocatoria e os modelos de solicitude das subvencións.

Á vista das actuacións precedentes, o Servizo de Fiscalización informou favorablemente o expediente o 23 de abril de 2026.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovina, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2026, dotado con 200.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2026.

**2º.-** Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude.

**3º.-** A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo."

**4º.-** A aprobación do gasto, por importe de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA SOBRE O PREZO XUSTO DE BENS EXPROPIADOS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 44/55 |

"Vistas as resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia, adoptadas en relación co expediente expropiatorio da obra Acondicionamento da LU-P-1301 "Seoane do Courel (LU-651)-Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada-Vilela", p.q. 6+868 ao 7+350, Pedrafita do Cebreiro, non procede a revisión en vía xuridiscional do mencionado acordo, xa que non se dan os supostos contemplados no artigo 126 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e no artigo 140 do seu Regulamentos

Polo que vai dito, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar as cantidades fixadas polo Xurado de Expropiación de Galicia para as fincas, propietarios e importes que a continuación se indican, e que, igualmente, se proceda á consignación na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial da diferenza entre os importes previamente consignados dos depósitos previos e das follas de aprecio aprobados anteriormente pola Xunta de Goberno e dos importes das resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia, nos casos en que estas resolucións non coincidan cos importes das follas de aprecio:

| Nº Parcela | Titulares | Depósitos previos consignados (Acordo XG 30/05/2025) | Importe consignado das follas de aprecio (Acordo XG 10/10/2025) | Importe das resolucións do XEG | Importes a consignar (Resolucións do XEG – consignacións previas) |
|---|---|---|---|---|---|
| 2-EX | Javier Armesto Fernández, María Isabel Armesto Fernández, María Begoña Armesto Fernández e Herdeiros de Gonzalo Armesto Fernández | 40,92 € | 390,74 € | 473,94 € | 42,28 € |
| 4-EX | Herdeiros de María Carballo Fontales | 237,16 € | 2.154,01 € | 2.676,10 € | 284,93 € |
| 7-EX | Herdeiros de Socorro Raposo de Julián | 0,99 € | 9,88 € | 10,87 € | 0,00 € |
| 8-EX | Manuel Carballo López, Julio Carballo López, Herdeiros de Leonor Carballo López, María Carballo López e José Antonio Carballo López | 535,00 € | 4.814,96 € | 5.774,11 € | 424,15 € |
| 9-EX | Manuel Carballo López, Julio Carballo López, Herdeiros de Leonor Carballo López, María Carballo López e José Antonio Carballo López | 136,50 € | 1.249,50 € | 1.438,20 € | 52,20 € |
| 14-EX | Jesús de Julián Teijeiro | 181,26 € | 1.680,29 € | 2.044,95 € | 183,40 € |
| 15-EX | Herdeiros de María Carballo Fontales | 18,48 € | 180,86 € | 199,34 € | 0,00 € |
| 9-OT | Manuel Carballo López, Julio Carballo López, Herdeiros de Leonor Carballo López, María Carballo López e José Antonio Carballo López | 18,50 € | 166,50 € | 185,00 € | 0,00 € |
| 14-OT | Jesús de Julián Teijeiro | 53,54 € | 483,61 € | 599,42 € | 62,27 € |
| 19-OT | Josefa Ríos Blanco, José Antonio Ríos Blanco e Herdeiros de Manuel Ríos Blanco | 1,64 € | 14,71 € | 22,02 € | 5,67 € |
| | TOTAIS: | 1.223,99 € | 11.145,06 € | 13.423,95 € | 1.054,90 € |




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 45/55 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DISTINTAS FACTURAS.**

***Proposta de aprobación, se procede, da validación do gasto en relación cas facturas de Clece FS S.A. por omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido (servizo de mantemento, (preventivo, correctivo, subministro de materiais e man de obra) de instalacións térmicas e o control e prevención da lexionelosis nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polo responsable do Servizo de Arquitectura, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

| Nº Factura | Período prestación | Importe |
|---|---|---|
| E-11099-01-00001825F | Outubro 2025 | 3.806,62 |
| E-11099-01-00002125F | Novembro 2025 | 4.298,71 |
| E-11099-01-00000126R | Decembro 2025 | 5.294,69 |
| E-11099-01-00000426F | Xaneiro 2026 | 8.893,39 |
| | TOTAL | 22.293,41 |

Vista a memoria xustificativa emitidas polo Servizo de Arquitectura, manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento

Visto o informe de Intervención.

Vista a Resolución da Presidencia de data 31.03.2026 na que se aproba que se continúe co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 22.293,41 €, segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo as obrigas e propoñendo o pagamento das seguintes facturas, por un importe total de vinte e dous mil dous centos noventa e tres euros e corenta e un céntimos de euro. (22.293,41 €).




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 46/55 |

| Nº Factura | Período prestación | Importe |
|---|---|---|
| E-11099-01-00001825F | Outubro 2025 | 3.806,62 |
| E-11099-01-00002125F | Novembro 2025 | 4.298,71 |
| E-11099-01-00000126R | Decembro 2025 | 5.294,69 |
| E-11099-01-00000426F | Xaneiro 2026 | 8.893,39 |
| | TOTAL | 22.293,41 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUNHA ADMINISTRATIVA ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que D.ª María del Carmen Abeledo Dablanca, Administrativa Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, cumpre os 65 anos de idade o día 28 de maio de 2026, data previsible de xubilación forzosa, acreditando, un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e 3 meses e que a interesada non solicitou inicialmente a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta as consideracións de dereito que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, do teor seguinte:

"*O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:*

*"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:*

*a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.*
*b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.*

*[...].*

*3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida*

*(...)".*

*O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:*

*"1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:*



| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 47/55 |

*a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.*
*b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.*

*[...].*

*3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.*

*(...).*

*4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.".*

*3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:*

*"As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:*

| *Ano* | *Períodos cotizados* | *Idade esixida* |
|---|---|---|
| *2026* | *38 anos e 3 meses ou máis* | *65 anos.* |
| | *Menos de 38 anos e 3 meses* | *66 anos e 10 meses* |

*[...].".*

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que Dª María del Carmen Abeledo Dablanca terá acreditado, á data do 28 de maio de 2026, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitado a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta cando antecede, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 48/55 |

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida da funcionaria provincial, Dª María del Carmen Abeledo Dablanca, con efectividade do día 28 de maio de 2026, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 82/2026.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor

"En relación co Oficio remitido polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se solicita a esta entidade, o expediente administrativo en relación co Procedemento Ordinario 0000082/2026 seguido a instancia de D. Fidel Gutiérrez López fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no devandito procedemento a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

**2º.-** A remisión do expediente administrativo ao Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración nos termos requiridos polo Xulgado.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- CONTA E CUMPRIMENTO PROCEDEMENTO ABREVIADO 271/2025.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor

"Visto que no Procedemento Abreviado 0000271/2025 seguido a instancia de D. Enrique Luis García Ramírez fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº 34/2026, de data 6 de marzo, cuxo fallo é o seguinte:

*"Que debo estimar y estimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Enrique Luis García Ramírez frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo seguido como Proceso Abreviado número 271/2025, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que se declara contraria a Derecho y se anula; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar al demandante en la suma de 5.567,12 €, más los intereses legales devengados desde el 13 de febrero de 2025.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 49/55 |

*Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de cuatrocientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado del actor.*

*Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno."*

Vista, asemade, a Dilixencia de Ordenación de data 6 de abril de 2026 do citado Tribunal na que se acorda a firmeza da citada Sentenza.

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida – e visto que esta Deputación Provincial ten contratado un seguro de responsabilidade civil xeral no que se indica que a franquía máxima aplicable por sinistro será de 300 euros, a indemnización á que resulta condenada esta entidade consistirá na cantidade antes indicada, correspondendo o resto á compañía aseguradora – e tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade antes indicada en concepto de franquía, comunicada polo Servizo de Intervención, á Xunta de Goberno proponse:

**1º.-** Darse por enterada da devandita Sentenza nº 34/2026, de data 6 de marzo, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo no PA 0000271/2025.

**2º.-** Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.

**3º.-** O importe a abonar en concepto de franquía é de 300 euros, ingreso que se realizará na conta de depósitos e consignacións do Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- CONTA E CUMPRIMENTO PROCEDEMENTO ABREVIADO 340/2025.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 50/55 |

"Visto que no Procedemento Abreviado 0000340/2025 seguido a instancia de Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº 35/2026, de data 6 de marzo, cuxo fallo é o seguinte:

*"Que debo estimar y estimo parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros SA frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo, y con intervención de Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA, seguido como Proceso Abreviado número 340/2025 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la declaro contraria a Derecho y la anulo; y en consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada al demandante en la suma de 7.562,50 euros más los intereses legales devengados desde el 17 de febrero de 2025.*

*La entidad aseguradora Mapfre Cía de Seguros y Reaseguros SA responderá solidariamente hasta el límite de la franquicia contratada (cuyo importe es de 300 euros por siniestro, que deberá ser abonado por la Diputación).*

*Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de cuatrocientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrada de la parte actora."*

Visto o Oficio de data 24 de marzo de 2026 do citado Tribunal no que se acorda a firmeza da dita Sentenza.

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida – e visto que esta Deputación Provincial ten contratado un seguro de responsabilidade civil xeral no que se indica que a franquía máxima aplicable por sinistro será de 300 euros, a indemnización á que resulta condenada esta entidade consistirá na cantidade antes indicada, correspondendo o resto á compañía aseguradora – e tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade antes indicada en concepto de franquía, comunicada polo Servizo de Intervención, á Xunta de Goberno proponse:

**1º.-** Darse por enterada da devandita Sentenza nº 35/2026, de data 6 de marzo, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo no PA 0000340/2025.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 51/55 |

**2º.-** Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.

**3º.-** O importe a abonar en concepto de franquía é de 300 euros, ingreso que se realizará na conta de depósitos e consignacións do Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTAS DA PRESIDENCIA.**

***Proposta de aprobación, se procede, da asunción por parte da Deputación provincial de Lugo, sen utilización do medio propio TRAGSA, do Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Primeiro.- A Deputación de Lugo veu desenvolvendo dende o día 1 de xaneiro de 2024, logo da aprobación na súa Xunta de Goberno de data 29 de decembro de 2023, un encargo ao seu medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), mediante o cal, o devandito medio propio, realizou o Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial, competencia da Deputación de Lugo.

Segundo.- O encargo estableceuse por un período inicial de 2 anos, dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2025, coa posibilidade de ser prorrogado anualmente, ata o 31 de decembro de 2027.

Terceiro.- A Xunta de Goberno, en sesión de data 30 de decembro do 2025 adoptou o acordo de aprobar a prórroga por 1 ano adicional (dende o día 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026) do encargo e gastos correspondentes á empresa Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. do Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo para a anualidade 2026 esta prórroga é a que, actualmente, encontrase en vigor.

Cuarto.- É vontade desta Presidencia propoñer á Xunta de Goberno a asunción por parte da Deputación provincial de Lugo, sen utilización do medio propio TRAGSA, do Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo.

Polo exposto, propoño á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Iniciar expediente para que o servizo de conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación Provincial de Lugo sexa prestado directamente




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 52/55 |

pola propia Deputación de Lugo, unha vez finalice a prórroga do encargo, actualmente en vigor, que tendrá efectos o día 31 de decembro de 2026.

**2º.-** Co obxeto de que o servizo de conservación das zonas verdes de titularidade provincial poda prestarse de xeito adecuado o 1 de xaneiro de 2027, acordar que polos distintos servizos da Deputación provincial de Lugo se emita informe sobre a tramitación procedente, tanto dende o punto de vista xurídico como económico e laboral para que se poida dar cumprimento, nesa data ao regulado no art. 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do estatuto dos traballadores en relación coa subrogación nos dereitos e obrigas laborales e de seguridade social, en relación co persoal que presta seus servicios na actualidade, na Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. no Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo.

**3º.-** Comunicar o acordo á Secretaría Xeral, Intervención Municipal, ao Servizo de RR.HH., e Servizo de Medio Ambiente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

***1º.- Dación de conta da Sentenza PA 171/2025.***

Dáse conta da Sentenza PA 171/2025:

Sentenza de data 18 de marzo, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000171/2025

No Procedemento Abreviado 0000171/2025 seguido a instancia de Dª Carmen Viño Vila fronte ao seguinte acto administrativo: fronte ao seguinte acto administrativo: "*Desestimación presunta por silencio administrativo de la reclamación patrimonial formulada por la recurrente por daños y perjuicios por responsabilidad patrimonial presentada el 5 de julio de 2024 sobre gastos de mantenimiento de avales.*", o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo ditou Sentenza en data 18 de marzo de 2026 , cuxo fallo é o seguinte:

*"Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de Dª. Carmen Viño Vila frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo, contra la desestimación presunta por silencio administrativo de la reclamación por responsabilidad patrimonial presentada el 5 de julio de 2024 sobre gastos de mantenimiento de avales.*

*Con imposición de costas a la parte demandante hasta la cifra máxima de trescientos euros (impuestos no incluidos) en concepto de honorarios de Letrado.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 53/55 |

*Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno. "*

Visto o anterior así como a Dilixencia de Ordenación de data 14 de abril de 2026 do citado Tribunal que acorda decretar a firmeza da citada Sentenza, ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos.

A Xunta de Goberno queda enterada.

***2º.- Dación de conta da Sentenza nº 47/2026 PA 394/2025.***

Dáse conta da Sentenza nº 47/2026 PA 394/2025:

Sentenza nº47/2026, de data 24 de marzo, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000394/2025

No Procedemento Abreviado 0000394/2025 seguido a instancia de Allianz fronte ao seguinte acto administrativo: *"Resolución dictada el 02/12/2025 por el Presidente de la Diputación Provincial de Lugo que desestima la reclamación de responsabilidad patrimonial presentada por la hoy demandante en orden a ser indemnizada por los daños materiales sufridos en el vehículo con matrícula 5078-JPG en el accidente ocurrido el 17/02/2025 en la carretera LU-P-1706 a la altura del p.k 4.2 (2025/PES_03/022707).",* o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº 47/2026, en data 24 de marzo de 2026 , cuxo fallo é o seguinte:

*"Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de Allianz frente a la Diputación Provincial de Lugo, seguido como Proceso Abreviado número 394/2025, y con intervención de Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la declaro ajustada al ordenamiento jurídico.*

*Con expresa imposición de costas a la parte actora, hasta la cifra máxima de trescientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado de la Administración.*

*Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que es firme y contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno."*

Visto o anterior así como o Oficio do citado Tribunal de data 15 de abril de 2026 que acorda decretar a firmeza da citada Sentenza , ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos.

A Xunta de Goberno queda enterada.




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 54/55 |

***3º.- Dación de conta do Auto nº 29/2026 PA 381/2025.***

Dáse conta do Auto nº 29/2026 PA 381/2025:

Auto nº29/2026, de data 10 de abril, ditado polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000381/2025

No Procedemento Abreviado 0000381/2025 seguido a instancia de Dª María Mar Rego Balsa e Reale Seguros Generales, S.A.U. fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº1 de Lugo ditou o Auto nº29/2026, en data 10 de abril, cuxo fallo é o seguinte:

*"Acuerdo:*

*- Declarar terminado el presente procedimiento por reconocimiento total en vía administrativa de las pretensiones de la parte recurrente.*

*- Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro registro correspondiente.*

*- Unir certificación literal al recurso y el original al libro registro correspondiente."*

Visto o anterior, ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos.

A Xunta de Goberno queda enterada.

**19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**A PRESIDENTA**

**O SECRETARIO**




| | IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Fecha y Hora | 27/04/2026 14:27:39 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R2YB6EEG26T46QVINCYRDOI | Página | 55/55 |